

ADOS ORGANIZA UNHA XORNADA SOBRE INTERVENCIÓN XUDICIAL EN DOAZÓN DE ÓRGANOS

- *O acto contou coa presenza do conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, quen agradeceu o apoio do IMELGA e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*
- *Nesta xornada hai inscritos máis de 70 profesionais do colectivo xudicial, médicos forenses, coordinadores de transplantes, comités de ética, responsables de urxencias entre outros*

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2020.- O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, inaugurou hoxe, no Edificio Administrativo do Sergas, unha *Xornada sobre intervención xudicial en doazón de órganos controlada tipo III de Maastricht: Aspectos ético e legais*, que está organizada pola Coordinación Autonómica de Transplantes da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), organismo dependente da Consellería de Sanidade.

O motivo desta xornada é ofrecer un marco de encontro aos integrantes do colectivo xudicial, médicos forenses, coordinadores de transplantes, comités de ética asistencial e responsables de unidades de críticos e urxencias, para conseguir unha mellor coordinación nas actuacións das que cada colectivo é responsable no ámbito da doazón en asistolia controlada. Nesta xornada hai inscritos máis de 70 profesionais procedentes dos colectivos anteriormente citados.

No acto, o titular da carteira sanitaria do Executivo galego, Jesús Vázquez Almuiña, destacou que España desenvolve unha actividade extraordinaria de doazón e transplante, sendo líder mundial durante case tres décadas.

O conselleiro remarcou que nos transplantes, ademais dos coordinadores hospitalarios e os profesionais da Organización Nacional de Transplantes, tamén hai moitos outros profesionais que poden participar en todo o proceso e cuxo labor é inestimable como son: a policía, os bombeiros, os pilotos e os controladores aéreos.

Tamén destacou Almuiña o traballo imprescindible dos comités de ética asistencial e a colaboración dos xuíces e os médicos forenses, naqueles casos que se require por lei a intervención xudicial.

O máximo responsable da sanidade pública galega agradeceu á directora do IMELGA, Beatriz Otero Abadín, e ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, José María Gómez y Díaz-Castroverde, o seu apoio para a realización deste curso, así como o respaldo da Organización Nacional de Transplantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acto contou coa presenza da directora da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, Marisa López García e da Coordinadora Autonómica de Transplantes, Encarnación Bouzas Caamaño e coa intervención por videoconferencia do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como da directora do IMELGA.

Sinalar que o curso conta, entre os seus poñentes, co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria, José Luis López del Moral Echevarría.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE